

PHOENIX

Christian Petzold, 2014

1155

ESTREA EN NUMAX: 15.08.2023 | V.O.S.E. | +7 | 98 min

Unha cantante é traizoada e enviada a un campo de concentración. Ao finalizar o seu calvario, volve coa cara totalmente desfigurada e pide a un eminente cirurxián que lla reconstrúa para que sexa o máis parecida a como era antes. Recuperada da operación empeza a buscar ao seu marido, un pianista. Pero o reencontro non é o que ela esperaba.

«Tan profundamente bela como incómoda. Tan demoledora como tenra. Lúcida e brutal»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Christian Petzold: «Falei moito con Farocki sobre a idea dunha muller reconstruída nun laboratorio»

Por Àlex Montoya

Como chegou ás súas mans a novela (*Le retour des cendres*, de Hubert Monteilhet) na que se basea o filme? Foi Harun [Farocki, o seu profesor, amigo íntimo e, despois, colaborador habitual nos seus guións, falecido en 2014], a mediados dos 80. Naquela época, el escribira un ensaio sobre *Vertigo* (1958), de Alfred Hitchcock, que era unha película moi difícil de ver. E falamos moito sobre ela, e sobre a idea dunha muller cuxa imaxe é o resultado da proxección dun home: a muller reconstruída nun laboratorio. Durante moito tempo démoslle voltas á idea de adaptar a novela e situala en Alemaña, e falar tamén do regreso a casa dos sobreviventes dos campos, algo insólito.

Fala de identidades perdidas: da protagonista e de Alemaña tras a guerra. Si, esa contraposición é unha metáfora que se usa durante todo o filme. A identidade interior e a exterior, a destrución do individuo e a da súa contorna.

Custou moito que o cinema alemán tocase temas relacionados co seu pasado recente. Xa é un bo momento? Non, nunca o é (risas). Hai 15 anos rodei *Die innere Sicherheit* (2000), sobre terroristas do Exército Vermello, e moitos me dicían que era un tema finiquitado, que non lle interesaba a ninguén. Logo fixen *Yella'* (2007), que falaba sobre o capitalismo financeiro, e, medio ano máis tarde, o sistema quebrou. Así que non creo que sexa bo pensar se unha película chega ou non no momento adecuado.

Repete coa parella protagonista de *Barbara* (2012). Tanta é a súa química? Godard dicía que o cinema segue dous camiños: o de Jean Renoir e o de Fritz Lang. O primeiro empeza no baile, nas risas, nas emocións, para chegar á idea, mentres o segundo segue o camiño oposto. O mesmo ocorre con Nina e Ronald, a súa química é por oposición: Nina é Lang e Ronald é Renoir.

O paso traumático polos campos de concentración

Por Jordi Battle

Phoenix conta unha historia apaixonante, e ademais moi cinematográfica. O seu inquietante arranque, coa protagonista vendada como unha momia, o sombrío hospital, o doutor tolo etc..., ten á vez os ecos d'*A senda tenebrosa* (Delmer Daves, 1947) e d'*Os ollos sen rostro* (Georges Franju, 1960).

(...) Hai, por suposto, un obvio parecido nesa reconstrución ou renacemento dunha identidade con *Vertigo* (Alfred Hitchcock, 1958) e, de fondo, un rigoroso discurso sobre a imposibilidade de reiniciar a vida aí onde estaba tras o paso traumático por un campo de concentración nazi. Un discurso que, como na igualmente notable *Barbara* (2012), tamén protagonizada pola magnífica Nina Hoss, Petzold formula cunha frialdade expositiva digna de Fritz Lang. Sinalemos que *Phoenix* foi o último traballo en cinema do aquí coguionista Harun Farocki, veterano e prolífico cineasta falecido o ano pasado.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Barbara,
Christian Petzold.
Cameo [DVD]

Yella,
Christian Petzold.
Jour2fete [DVD]

*Desconfiar de las
imágenes*,
Harun Farocki.
Caja negra, 2013